

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: TRAMITACIÓN DE URXENCIA DO PROCEDEMENTO “ESCOLA DE VERÁN 2025”

EXPEDIENTE: 7650 /2025

ANTECEDENTES:

Ó 02/05/2025, mediante o Decreto 1258/2025, resolveuse o inicio do prazo de inscrición do servizo de conciliación da vida laboral e familiar do concello de Ames “Escola de Verán 2025”.

Dito prazo de inscrición estivo aberto desde o 02/05/2025 ata o 16/05/2025, presentándose dentro deste prazo 504 solicitudes.

Un dos requisitos para poder optar a este programa é que os membros da unidade familiar do/a usuario/a que solicita o programa estean empadroados no Concello de Ames e que non teñan débedas en executiva co Concello. A comprobación destes datos faise por outros departamentos do Concello, previa solicitude dos mesmos polo departamento de educación.

O elevado número de solicitantes do programa, xunto co feito de que este programa coincide practicamente no tempo co tamén programa de conciliación “Xuño Lúdico 2025”, e tamén ca elaboracións das listas provisionais, tanto de nova inscrición como de renovación, dos servizos complementarios de educación (comedor, bos días e tardes divertidas) do curso 2025/2026, provoca que os listados de usuarios participantes no programa se demore mais do debido ca conseguinte dilación da solicitude dos datos de padrón e das débedas aos departamentos correspondentes.

O artigo 15 do Regulamento da Escola de Verán do Concello de Ames (BOP núm. 243 de 26/12/2022) establece que se publicará unha lista provisional de admitidos e excluídos dando un prazo de emenda de 10 días hábiles para a presentación de reclamacións, e unha vez resoltas estas, publicarase a lista definitiva.

Visto o atraso na publicación das listas provisionais motivado polos motivos xa expostos, e tendo en conta a proximidade do inicio do programa de Escola de Verán, manter o anterior prazo de emenda provocaría que o procedemento non se resolvera a tempo co conseguinte prexuízo que isto suporía para as familias solicitantes do programa.

Por ilo, considérase necesario recorrer ao artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) que permite, cando razóns de interese público o aconsellen, aplicar ao procedemento a tramitación de urxencia, reducindo á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.- Aplicar de oficio a tramitación de urxencia ao procedemento de admisión no programa de conciliación “Escola de Verán 2025”, reducindo á metade os prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos, polo que o prazo de emenda para a presentación de reclamacións á lista provisional de admitidos e excluídos quedará reducido a 5 días hábiles.

2.- Informar que contra dita resolución non caberá ningún recurso sen prexuízo do procedente contra a resolución

que poña fin ao procedemento.

3.- Publicar o contido deste Decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica, na páxina web municipal e na páxina www.conciliames.gal

O alcalde
José Blas García Piñeiro

O secretario accidental
Rogelio Pardo Martínez